

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIO DE PECHE DOS ESTABLECEMENTOS NAS FESTAS E VERBENAS POPULARES DAS DISTINTAS PARROQUIAS, ENTROIDO, SEMANA SANTA, PONTE DA CONSTITUCIÓN, NADAL, FESTA DE ANO NOVO E REIS NO ANO 2026

EXPEDIENTE DECFRETO: 2025/G003/000599

Vista a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia.

Tendo en conta os horarios establecidos no artigo 5 da Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e de actividades recreativas.

Tendo en conta que o disposto no artigo 9 da sinalada Orden, do que resulta que “Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.


2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (...).

4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (...). ”.

Vistas as atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 , do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

a) Ampliar, para o ano 2025, dúas horas o horario de peche dos establecementos cafeterías, bares, pubs e salas de festas do termo municipal abertos ao público durante o Nadal (dos días 24, 25 e 31 de decembro) dita ampliación é aplicable á finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas. Deixanse sen efecto os decretos 522/2024 e 332/2025 referentes a este parágrafo.

b) Ampliar, para o ano 2026, dúas horas o horario de peche dos establecementos cafeterías, bares, pubs e sala de festas sitos nas parroquias deste termo municipal durante a celebración das festas e verbenas patronais correspondentes a cada unha delas incluíndo a Festa do Pan na parroquia de Santo Estevo de Paleo dita ampliación é aplicable á finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

c) Ampliar, para o ano 2026, dúas horas o horario de peche dos establecementos cafeterías, bares, pubs e salas de festas do termo municipal abertos ao público durante Fin de Ano e Reis (1, 5 e 6 de xaneiro) ponte da Constitución (días 6, 7 e 8 de decembro), Nadal (dos días 24, 25 e 31 de decembro), Entroido e festivos de Semana Santa nos temos sinalados na Orde 23 de outubro de 2020 pola que se determina horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas dita ampliación é aplicable á finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

SEGUNDO.- Dar publicidade deste decreto coa súa exposición no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como na páxina web deste Concello.

TERCEIRO.- Dar conta deste Decreto ao Pleno do Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O alcalde
Asdo.- José Luis Fernández Mouriño

Dou fe, a secretaria acumulada
Asdo.- Eva Jardón López